

**PROGRAMACIÓN ANUAL
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**IES AGRA DE LEBORÍS
CURSO 2021 – 2022**

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

ANÁLISE DE NECESIDADES

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA E RECURSOS

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL.

CONCRECIÓN DO POAP

CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

ANEXO

PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1. INTRODUCCIÓN

Marco legal

A **normativa específica** que rexe a organización e funcionamento do noso Departamento son:

- Decreto 120/1998 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27-IV-1998)
- Orde do 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto anterior. Especifica as funcións e competencias do Departamento de Orientación.

Ademais, no referente á **atención á diversidade**, atendemos á seguinte normativa:

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade (DOG do 21).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG do 07).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19).
- Orde 27 de decembro de 2002 que establece as condicións e criterios para a escolarización en centros públicos do alumnado de ensino non obrigatorio con NEE (DOG do 30 de xaneiro).
- Orde 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22).
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 9/99 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que dita instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, establece instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 15). Decreto 8/15 que desenvolve a Lei 4/11.

Terase en conta tamén o disposto nos **protocolos de actuación**:

- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de protección de datos e Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro para a protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo do tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de urxencias sanitarias e atención do alumnado con enfermidade crónica.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia
- Procedemento corrector de condutas

- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar
- Guía do Observatorio Galego da Violencia de Xénero para a actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Protocolo para a atención do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Dislexia e/ou Dificultades Específicas da Aprendizaxe.
- Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2021-2022.
- Protocolo de Prevención da transmisión da COVID-19 no alumnado de Necesidades Educativas Especiais no ámbito educativo.

Marco teórico

Entendemos a Orientación como un eixe integrador baseado nun modelo sistémico que abrangue a toda a comunidade educativa, que se estende durante toda a escolaridade e se prolongue ao longo da vida.

Os programas e actividades que propoñemos deben favorecer o desenvolvemento no alumnado das competencias clave, actitudes e valores expresados nos obxectivos xerais das diferentes etapas educativas.

Principios de intervención

En coherencia coa lexislación vixente e as teorías máis relevantes no ámbito da orientación entendemos a mesma como un proceso que se desenvolve durante toda a escolaridade a partires de a colaboración e implicación de toda a comunidade educativa. A orientación ten como destinatarios tódolos alumnos e ao longo de toda a súa permanencia no sistema educativo. É un proceso continuo e sistemático, que atenderá ás diferentes dimensións da persoa facilitando o seu desenvolvemento integral e ofrecendo unha atención individualizada que teña en conta as súas características e necesidades. Seguimos en todo momento os principios xerais de actuación marcados no artigo 4 do Decreto 229/11 que regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma:

- a. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.
- b. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
- c. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
- d. As accións preventivas e de atención temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
- e. Na resposta educativa á diversidade darase prioridade as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- f. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- g. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- h. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Así, o presente plan e a acción orientadora se sustenta nos seguintes principios:

- **Prevención:** tendo en conta a finalidade de evitar a aparición de dificultades ou compensar as mesmas dende o primeiro momento de detección, dando a resposta máis axeitada e temperá ás necesidades detectadas.

Desenvolvemento de competencias clave: a orientación entendida como un proceso dirixido ao desenvolvemento integral da persoa, que dote a todo o alumnado das competencias emocionais, afectivas, sociais e persoais necesarias para a vida. A orientación ten un enfoque global da súa actuación que inclúe o cognitivo, o afectivo, o emocional e o moral no desenvolvemento do alumnado.

Globalidade e continuidade: o obxectivo da acción orientadora é todo o alumnado e durante todo o proceso educativo. É un proceso continuo que se desenvolve durante toda a escolarización mais se intensifica nos momentos de toma de decisións e de transición.

Planificación e curricularidade: a actividade planifícase a partir da avaliación inicial co obxectivo de detectar as necesidades e ter en conta as características do contexto. Realízase un seguimento e unha avaliación continua. Por outra banda, o principio de curricularidade posto que *a orientación como parte da función docente*. Polo cal é necesaria a participación e implicación de todo o profesorado.

Personalización: a orientación ten sempre en conta as necesidades e características de cada alumno/a adecuando sempre a resposta educativa as necesidades de cada un.

Especialización: a complexidade da acción orientadora no sistema educativo fai necesaria a presenza de profesionais especializados que apoiem a labor orientadora do profesorado, equipos docentes e demais membros da comunidade educativa tanto dentro dos centros (departamento de orientación) como dende fóra (equipo de orientación específico- EOE).

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES Agra de Leborís de A Laracha está enmarcado nun entorno social caracterizado pola transformación dunha cultura rural a unha cultura urbana onde as profesións maioritarias están relacionadas coa construción, quedando relegado o sector da pesca e a agricultura a unha minoría. Neste momento a situación económica está marcando moi negativamente a situación social pois existe un gran número de traballadores en paro.

Ao noso centro chega alumnado procedente de pequenas aldeas e de zonas semiurbanas como Paiosaco, principalmente dos centros adscritos a este Departamento de Orientación:

C.E.I.P. Otero Pedraio, de Laracha.

C.E.I.P. Alfredo Brañas, de Paiosaco.

C.E.I.P. de Caión.

E unha contorna que está tendo bastante desenvolvemento urbano dada a súa proximidade ó municipio de Arteixo e os polígonos industriais nel desenvolvidos.

O nivel socio-económico das familias é, en xeral, medio a medio baixo, maiormente familias traballadoras e profesionais autónomos. Atopamos algunhas familias con problemas de desemprego, familias desestructuradas e certas vulnerabilidades.

A zona de Bergantiños desde os anos 60 é unha zona de tradicional emigración á Europa, e máis en concreto a Suíza. Como produto deste proceso temos alumnado que procede dos distintos cantóns, con maior dominio do idioma alemán ou francés. Temos tamén algún alumnado que aínda ten ao pai, ou aos pais en Suíza e viven con outros familiares (avós ou tíos, normalmente). Esta situación ten producido consecuencias importantes na vida do alumnado que acusan de xeito manifesto no rendemento escolar. Os problemas de adaptación deste alumnado son salientables tanto polas dificultades a nivel lingüístico e de ruptura de lazos afectivos e culturais.

Outro grupo de alumnado procedente do estranxeiro ou de inmigrantes que proceden de Latinoamericana tamén presentan dificultades no proceso de adaptación a outra cultura, novas relacións sociais e outro sistema escolar estando presente un desfase a nivel curricular en moitas ocasións.

Tamén temos unha porcentaxe de alumnos/as que son emigrantes retornados de distintas zonas do estado español, dos que algúns presentan dificultades de adaptación e de aprendizaxe. Nestes grupos se produce unha alta porcentaxe de desaxustes escolares con resultado en moitos casos de non obter a titulación na ESO.

ANÁLISE DE NECESIDADES

Dentro do conxunto do Alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa, temos alumnado con discapacidade intelectual leve e discapacidades de tipo sensorial, que nalgúns casos require adaptacións curriculares en diversas materias.

Temos alumnado diagnosticado de TDA, con e sen Hiperactividade., e o profesorado frecuentemente demanda apoio para xestionar esta diversidade.

Unha parte do noso alumnado ten un perfil asociado a dificultades académicas e posibilidades de fracaso escolar derivadas de distintas condicións. Por unha banda, alumnado ben integrado na dinámica escolar, pero con necesidades derivadas de Dificultades Específicas de Aprendizaxe, ou de problemáticas asociadas á súa historia persoal ou familiar, que interfíren no bó desenvolvemento tanto persoal como académico.

Pola outra banda, temos unha maioría de alumnado ben integrado, tanto académica como socialmente. Unha porcentaxe do alumnado ten un rendemento bó, algúns brillante, con interese na aprendizaxe, pero requiren apoio e seguimento para asegurar o desenvolvemento de todo o seu potencial, xa que en ocasións, polo “pouco problemáticos”, demandan menos a nosa atención e poden quedar en risco de ser atendidos de xeito rutinario.

Segue a ser unha necesidade ó apoio a docentes e persoas titoras no abordaxe da diversidade dentro e fora da aula e ás familias.

Unha problemática a destacar pola súa relevancia, é a relacionada coa saúde mental e o benestar socioafectivo do alumnado. Cada vez temos máis presenza de alumnado con algún tipo de condición relacionada coa saúde mental, e a súa atención é motivo de consulta frecuente ó departamento. Pola outra banda, nos cursos recentes tivemos unha crecente presenza de dificultades relacionadas coa ansiedade e que afectan ó benestar emocional.

Prioridades do Departamento de Orientación

- ✓ Participar na organización e coordinación das MAD.
- Realizar o seguimento do alumnado con NEAE.
- Asesorar á comunidade educativa nas demandas que formulen.
- Programar e desenvolver actividades, programas e actuacións que promovan o desenvolvemento integral do alumnado a consecución dos obxectivos xerais e das competencias clave das etapas e a educación en valores.
- Participar no deseño de programas e no desenvolvemento de actuacións que promovan o éxito escolar e que preveñan o abandono prematuro dos estudos.
- Participar en actividades, programas e actuacións que promovan a mellora da convivencia e a igualdade.

Contexto COVID

As especiais circunstancias xeradas por mor do virus COVID-19 fan que o departamento teña deseñado ferramentas dixitais para darlle contunidade ao noso traballo se xurden períodos de cuarentena tales coma o Espazo Orientación en Aula Virtual, reunións mediante salas de conferencia virtuais, empregando preferentemente os medios postos a disposición pola Consellería de educación, e uso e distribución de recursos dixitais de elaboración propia.

O departamento de orientación comprométese no cumprimento dos protocolos e directrices de actuación establecidos para a prevención e coidado da saúde no contexto Covid.

Entre as prioridades do departamento está a atención ós efectos que pode ter a pandemia sobre a saúde emocional da comunidade escolar.

OBXECTIVOS

1	Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado a través do deseño de actividades, programas e actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos xerais das etapas, o desenvolvemento das competencias clave e o progreso na interiorización dos valores e actitudes incluídos nos elementos transversais.
2	Ofrecer recursos e apoio técnico ás titorías para levar a cabo o desenvolvemento do plan de acción titorial
3	Favorecer a madurez vocacional do alumnado a través de actividades e actuacións incluídas no

	plan de orientación académico e profesional (POAP). Asesorar ao alumnado e as familias non momentos máis decisivos do proceso educativo, nos que haxa que tomar decisións académicas importantes e participar nas actividades de información e asesoramento incluídas plan de orientación académico profesional.
4	Atender as demandas de asesoramento dos membros da comunidade educativa.
5	Deseñar programas de desenvolvemento de habilidades sociais e resolución de conflitos de cara a previr/intervir nas dificultades na convivencia y o desenvolvemento da competencia emocional e social no alumnado do centro.
6	Participar de xeito activo nos problemas de convivencia colaborando na resolución positiva dos conflitos e na organización de medidas que melloren a convivencia. Colaborar no funcionamento e organización da aula de convivencia. Colaborar coas titorías no seguimento do alumnado con dificultades no ámbito da convivencia ou con baixo rendemento académico.
7	Participar na organización das medidas de atención á diversidade (MAD) e conseguir a optimización dos recursos persoais, o correcto funcionamento e máximo aproveitamento das mesmas.
8	Realizar un seguimento continuo da evolución do alumnado que precisa medidas de atención á diversidade.
9	Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o necesite, en colaboración co profesorado. Elaborar os informes psicopedagóxicos.
10	Establecer canles efectivos de coordinación interna entre o profesorado do centro e canles de coordinación externa cos profesionais especialistas que atenden ao noso alumnado e cos profesionais que interveñen nos diferentes programas no centro.
11	Coordinar a labor orientadora cos especialistas dos centros adscritos e o desenvolvemento do programa de transición entre as etapas de primaria e secundaria.
12	Participar no deseño de actuacións e programas encamiñados a detección temperá e a prevención de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto ou das características persoais.
13	Favorecer a utilización de metodoloxías e recursos que melloren a calidade da resposta educativa e a atención á diversidade.
14	Coordinar o intercambio de información cós centros adscritos de primaria e favorecer o proceso de adaptación do alumnado no cambio de centro.
15	Asesorar as familias e promover a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as. Coordinar a organización e o funcionamento da escola de pais e nais.

Segundo o artigo 5 da Orde 24 de Xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia regulada polo Decreto 120/98; son competencia do departamento de orientación dos institutos de educación secundaria as funcións seguintes:

- a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten o alumnado.

Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

Informa-lo alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñe-la realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoos no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepción e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

Establecer canles de comunicación cas diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar.

4. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Concepto de Tutoría

Entendemos a tutoría como a relación que se establece entre profesorado co alumnado encamiñada ao coñecemento do contexto socio-familiar, das actitudes, aptitudes, intereses e motivación, co obxectivo de orientar e guiar o seu proceso de aprendizaxe, á súa integración no grupo e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e a educación en valores.

Esta é unha tarefa de todo o profesorado, abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor tutor co seu grupo e a comunicación coas familias; como a labor orientadora do resto do profesorado, que é aquela que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de ensino- aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

Aínda que a orientación e a tutoría do alumnado sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do profesor tutor, como órgano de coordinación docente, é necesaria e imprescindible para a coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas. O departamento de orientación apoia ao profesorado e as tutorías ofrecéndolles apoio técnico e o asesoramento durante todo o proceso para desenvolver esta función.

Todo o profesorado debe contribuír á acción titorial:

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia (secundaria) ou nas diferentes áreas se se trata das etapas de infantil e primaria .
- Incidindo de forma positiva no autoconcepción académico e na percepción da propia capacidade para superar a materia ou materias.
- Orientando ao alumnado no análise do propio proceso de aprendizaxe; axudándoo na autoavaliación dos factores que influíron positiva ou negativamente no proceso.
- Atendendo as necesidades educativas de cada alumno/a na súa materia.
- Aplicando as MAD que sexan necesarias en cada caso.
- Participando na orientación profesional do alumnado no referente ao ámbito profesional da súa especialidade (secundaria).

Obxectivos Xerais

- I. Promover o desenvolvemento integral do alumnado, atendendo as dimensións afectivo emocional, social, vocacional e persoal no referente ao desenvolvemento de valores e actitudes e competencias clave co obxectivo de que lles permita converterse en adultos maduros, responsables e solidarios.
- II. Dar unha resposta educativa eficaz e individualizada a todo o alumnado do centro durante o seu proceso de ensino – aprendizaxe que permita ofrecer a mellor resposta educativa adaptada ás necesidades de cadaquén.

Obxectivos Específicos

Co Alumnado de 1º da E.S.O

1. Realizar a avaliación inicial no DO no caso do alumnado con NEAE e nas distintas materias para coñecer o nivel curricular.
2. Implementar cuestionarios iniciais aplicados polo titor/a.
3. Coordinar ao profesorado xunto coas titorías no seguimento do alumnado e da interacción nos grupos de cara a introducir as modificacións se valorasen oportunas.
4. Realizar un proceso de avaliación e seguimento continuo durante todo o curso do alumnado con NEAE, as MAD e/ou problemas de convivencia ou rendemento académico.

Co Alumnado que proceda doutros centros

1. Recibir ao alumnado e as familias (Dirección, Xefatura de Estudos).
2. Avaliar o seu nivel de competencia curricular (Profesorado de PT).
3. Consultar o expediente académico (Titor/a).
4. Informar e asesorar ao profesorado. (Orientadora)

Co Alumnado con NEE / NEAE

(Ademais do previsto para calquera outro alumno/a)

1. Recoller datos para a avaliación inicial sobre o expediente do alumno/a, dificultades e necesidades educativas.
2. Asesorar sobre medidas de atención á diversidade, especificando as orientacións a nivel de centro, a nivel de aula, a nivel do alumno/a en particular e a nivel de Departamento de Orientación e que constituirían a resposta educativa para dito alumnado.

Co alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo e/ou fillos de familias retornadas ou migrantes

Recibir ao alumno e a familia (Dirección, Xefatura de Estudos).

Entrevistar ao alumno/a, se é o caso (Orientadora).

Avaliar o coñecemento das linguas galega e/ou castelá (PT / Profesorado).

Avaliar o nivel de competencia curricular (Profesorado de materia).

Avaliación psicopedagóxica (Orientadora).

Determinar as necesidades educativas do alumno/a.

Propor e planificar a resposta educativa máis axeitada, nun informe psicopedagóxico, se é o caso.

Favorecer a inserción sociocultural e prever o desarraigo.

ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PREVISTAS PARA O CURSO 2021-2022

CONTIDOS DO PAT

1. Presentación e coñecemento.
2. Elección delegado.
3. Normas de convivencia/grupo. Protocolo COVID-19.
4. Planificación e hábito de estudo.
5. Técnicas básicas de estudo.
6. Prevención/sensibilización violencia de xénero.
7. Autoavaliación do trimestre. Compromisos mellora.
8. Resolución positiva dos conflitos. Habilidades sociais. Intelixencia emocional.
9. Prevención/sensibilización acoso escolar.
10. Promoción da igualdade de xénero.
11. Autoavaliación segundo trimestre.
12. Uso correcto das redes sociais. Perigos internet.
13. Educación afectivo sexual.
14. Orientación académica: optativas, estudos posteriores.
15. Autoavaliación final do curso.

PROGRAMA SOBRE PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

En colaboración co CIM do Concello de A Laracha. A directora do CIM convoca cada trimestre á Dirección e XDO dos centros educativos do Concello á Mesa para a Prevención da violencia de xénero, xunto diferentes profesionais do ámbito da saúde, do ámbito xudicial e membros da Garda Civil. Organizaranse diversas reunións ao longo do curso escolar, nas que se acordan actuacións, actividades e programas de prevención e intervención.

PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS. (Pendente de confirmación por parte dos organizadores do Programa)

A través deste Plan, está previsto levar a cabo no centro as seguintes intervencións có alumnado da ESO:

1. Uso responsable das Novas tecnoloxías: 1º e 2º ESO.
2. Prevención do consumo de Drogas e Alcohol: 3º e 4º da ESO.
3. Prevención e erradicación da Violencia de xénero: toda a ESO
4. Prevención e erradicación do Acoso escolar: 1º e 2º ESO.

Cos pais e nais do alumnado:

1. Uso responsable das novas tecnoloxías

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL

Impartido por especialistas da empresa DELOGA. Está dirixido ao alumnado de 1º a 4º de ESO. Celébranse dúas sesións con cada grupo de ESO. Os contidos do programa, que serán impartidos segundo o nivel/idade do alumnado, son:

1. Masculinidades e feminidades na atracción.
2. Definindo a violencia sexual.
3. Mitos sobre a primeira vez.
4. A presión do grupo.
5. Diversidade sexual.
6. Os mitos do porno.

PROGRAMA DE XESTIÓN DAS EMOCIÓN

Impartido por especialistas da empresa DELOGA. Dirixido ao alumnado de 1º a 4º de ESO. Dúas sesións con cada grupo de ESO. Os contidos do programa serán impartidos segundo o nivel/idade do alumnado.

OBRADOIROS para o USO SEGURO E RESPONSABLE DOS CONTORNOS VIRTUÁIS

Impartido por especialistas da entidade Quérote +. Dirixido ao alumnado de 3º de ESO. Dúas sesións con cada grupo de ESO. Os contidos do programa serán impartidos segundo o nivel/idade do alumnado.

- *Tódalas actividades propostas están condicionadas a eventuais limitacións debidas a restricións pola pandemia de COVID-19, e suxeitas a confirmación por parte das entidades organizadoras.*

5. CONCRECIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

A Orientación académico-profesional forma parte inseparable da acción tutorial, constituíndo un dos seus contidos máis específicos.

Si a actuación educativa debe estar personalizada, no caso da Orientación Académico Profesional moito máis, xa que se está a traballar algo tan inalienable como a toma de decisións por parte do alumnado, e das súas familias, sobre o seu percorrido académico cara unha elección vocacional e profesional. Isto sitúanos diante de dous principios básicos:

1. O proceso de Orientación Académico Profesional é individualizado.
2. A cada alumno correspóndelle a responsabilidade das súas eleccións.

É indispensable unha boa información do que representa cada optativa, itinerario, estudio de profesional, título, das consecuencias de cada elección en cada momento, pero isto non é suficiente; a información é parte esencial do proceso pero non o é todo. A experiencia di claramente que ter unha información, incluso dabondo, non é suficiente para que as persoas tomen decisións acertadas na súa vida.

A orientación académico profesional precisa:

- Que cada alumno/a estea activamente implicado.
- Que cada alumno estea interesado en saber e se coñeza.
- Que cada alumno/a decida, asuma a responsabilidade.

Aos profesionais da educación correspóndenos traballar neste eido a catro niveis fundamentalmente:

- 1) Espertar á inquietude no alumnado por saber o que queren ser.
Axudar no autocoñecemento.
Axudar na procura de información sobre itinerarios, optativas...
Axudar/asesorar na toma de decisións.

OBXECTIVOS do POAP:

Axudar ao alumnado no autocoñecemento sobre valores e intereses profesionais e no coñecemento das diferentes opcións, itinerarios e saídas profesionais.
Favorecer no alumnado os procesos de toma de decisións responsable, informada e autónoma.

Asesoramento individualizado no proceso de decisión vocacional, a través de titoría principalmente, cando os procesos de asesoramento grupal non dean chegado para atender ás necesidades particulare e específicas dun alumno ou alumna.

Facilitar ó profesorado, o alumnado e ás familias recursos informativos para a toma de decisións, com opoden ser relativos ó coñecemento do sistema educativo, do mercado laboral e as saídas profesionais, e de recursos e bolsa para continuidade dos estudos, con especial atención as necesidades do alumnado con NEE e(ou NEAE).

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN:

En 1º e 2º de ESO:

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento da etapa, optativas e itinerarios.
- Elaboración do Consello Orientador.
- Desenvolvemento das habilidades de resolución de problemas e toma de Decisións.

En 3º e 4º de ESO:

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento de optativas e itinerarios de 4º de ESO / BAC / FP / EE.
- Asesoramento no proceso de toma de decisións
- Elaboración do Consello Orientador

En Bacharelato:

- Axuda na procura de información sobre as distintas carreiras Universitarias, Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior, Ensinanzas de Réxime Especial, así como de outros estudos non regrados.
- Asesoramento na toma de decisións sobre itinerarios formativos en bacharelato en función de obxectivos a medio e longo prazo.
- Propiciar contactos directos con profesionais, universidade, centros formación profesional.
- Asesoramento na saída ó mercado laboral ou no emprendemento, de ser o caso.

ACTUACIÓNS

- Charlas informativas a través das titorías acerca de itinerarios, modalidades...
- Consello orientador para o alumnado de todos os cursos da ESO.
- Entrevistas individuais co alumnado e familias para o asesoramento de cara á elección de materias, modalidades, itinerarios,...
- Co alumnado de 3º e 4º da ESO, información e asesoramento de cara á elección da modalidade Académica ou Aplicada, orientados ao estudo do Bacharelato ou Formación Profesional respectivamente.
- Co alumnado de 4º da ESO información e asesoramento de cara aos itinerarios ou modalidades do Bacharelato, Ciclos de FP e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Co alumnado de Bacharelato, información e asesoramento de cara á elección de Graos universitarios, Ciclos de FPGS e Ensinanzas de Réxime Especial. Visita á UDC, programa a ponte da USC. Visita a centros de FP da zona. Visitas a distintas institucións orientadas a favorecer a identificación vocacional.

- Co alumnado de 4º ESO e do Bacharelato, visita do campus universitario de A Coruña e as xornadas informativas sobre FP.
- *Tódalas actividades propostas están condicionadas a eventuales limitacións debidas a restricións pola pandemia de COVID-19, e suxeitas a confirmación por parte das entidades organizadoras.*

CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVOS

1. Organizar os recursos persoais para atender á diversidade de cara a conseguir un óptimo aproveitamento.
2. Avaliar o funcionamento das MAD.
3. Realizar, xunto ás titorías, o seguimento do alumnado que presenta NEAE.
4. Asesorar sobre as medidas concretas a tomar no caso do alumnado que presenta NEAE e ten Reforzo Educativo por parte do profesorado.
5. Colaborar na elaboración, atención e seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
6. Diseñar programas preventivos e de intervención no ámbito da convivencia e da resolución pacífica dos conflitos.
7. Participar de xeito activo nos problemas de convivencia.
8. Coordinar a intervención dos diferentes profesionais docentes e non docentes que atenden ao alumnado con NEAE.
9. Programar actuacións de cara a fomentar o respecto e o valor positivo da diversidade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por **medidas de atención á diversidade** aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en **ordinarias** e **extraordinarias** e estarán recollidas no **Plan Xeral de Atención á Diversidade** e nas concrecións anuais de dito plan.

En función das revisións mencionadas anteriormente, e tras a avaliación inicial, no mes de outubro tomaranse decisións do alumnado que require unha medida de atención á diversidade, dando prioridade a aqueles que precisan da adopción de medidas máis urxentes. Para elo, terase en conta o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. A continuación, expóñense as medidas de atención á diversidade e en cor vermella aquelas previstas neste curso escolar no noso centro:

Medidas ordinarias	<p>Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.</p> <p>Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias as diferentes ensinanzas.</p> <p>Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense, en cor azul, aquelas previstas para este curso no centro:</p> <ol style="list-style-type: none">a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de
---------------------------	---

	<p>avaliación.</p> <p>e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.</p> <p>f) Desdobramentos de grupos.</p> <p>g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <p>h) Programas de enriquecemento curricular.</p> <p>i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.</p> <p>j) Programas de recuperación.</p> <p>k) Programas específicos personalizados.</p> <p>l) Programas de habilidades sociais.</p>
<p>Medidas extraordinarias</p>	<p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE/NEE) que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p> <p>Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.</p> <p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen (en vermello, as previstas para este curso):</p> <p>a) Adaptacións curriculares.</p> <p>b) Agrupamentos flexibles.</p> <p>c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou AL.</p> <p>d) Flexibilización da duración do período de escolarización.</p> <p>e) Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.</p> <p>f) Atención educativa domiciliaria ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.</p> <p>g) Grupos de adquisición das linguas.</p> <p>h) Grupos de adaptación da competencia curricular.</p>

Revisión dos Expedientes do Alumnado de nova incorporación ó centro.

- A finais de curso, dáse o traspaso de información do alumnado de 6º de Educación Primaria dos CEIPs adscritos que promocionan a 1º da ESO no noso IES, facendo fincapé naquel alumnado que presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísanse os expedientes e a información proporcionada dos CEIPs do alumnado que se incorpora a 1º da ESO no noso centro, así como o de outro alumnado que se incorpora novo ó centro e presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísase a información do alumnado do centro, principalmente o NEAE e aquel que en cursos anteriores contaron con medidas de atención á diversidade.

Participación nas Sesións de Avaliación

- ✓ Asesorar no proceso de avaliación do alumnado con NEAE:
 Apoiar e asesorar aos titores/as no proceso de coordinación do proceso avaliador.
 Fomentar a autoavaliación do alumnado.
 Contribuír a un proceso de avaliación formativa que propicie a mellora continua.
 Participar nos procesos xerais de avaliación do proceso de ensino de cara a mellora continua da calidade.

6. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

OBXECTIVOS

1. Asesorar a todas as familias que así o demanden.
2. Participar na titoría de nais e pais xunto aos titores/as de todos aqueles que así o soliciten ou dos que se estime necesario.
3. Fomentar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e a colaboración co centro nas medidas que se poidan tomar.
4. Continuar colaborando coas familias do alumnado para asesorar e informar sobre os itinerarios académico-profesionais, especialmente en 4º de ESO.
5. Continuar mantendo o contacto directo e próximo coas familias do alumnado de NEAE xunto aos titores/as.
6. Colaborar na organización da escola de nais e pais.

8. METODOLOXÍA E RECURSOS

Recursos Personais

O Departamento de Orientación ten a seguinte composición:

- Xefe do Departamento de Orientación do IES Agra de Leborís
- Dous Especialistas en Pedagogía Terapéutica
- Profesorado representante dos ámbitos científico e lingüístico, respectivamente.

Ademáis, contamos como recursos persoais coa participación na acción tutorial e orientadora de todos os Departamentos, do Equipo Directivo, de todo o Equipo Docente e especialmente dos profesores titores. Tamén cos membros do departamento de orientación e titores dos centros adscritos e con profesionais especialistas que son tamén axentes educativos externos ao centro.

Recursos Organizativos

Os membros do departamento con destino no propio centro celebrarán unha reunión semanal os mércores fóra do horario lectivo do profesorado implicado; os mércores ás 10.30 horas. A esta reunión semanal asistirá, sempre que sexa posible, a Directora do centro, o cal axudará a coordinación entre o equipo directivo e o departamento de orientación.

Manteráse alomenos unha reunión trimestral de coordinación coas orientadoras dos centros adscritos. Especialmente relevante será a reunión ligada ó plan de transición/acollida, que habitualmente se programa en xuño, para o intercambio de información sobre alumnado que se vai incorporar á etapa de secundaria.

Dada a gran carga horaria do profesorado, programaránse reunións presencias cós titores por nivel de carácter mensual, xa que mantela de xeito presencial semanalmente implica grandes dificultades de coordinación. Aproveitaranse as vías de comunicación como correo electrónico, wsapa e virtuais para realizar o seguimento e a coordinación semanal. Nestas reunións mensuais se realizará un seguimento e posta en común do PAT.

En todo caso, a orientadora terá unha estreita comunicación con cada un dos titores/as co obxectivo de realizar un correcto seguimento do alumnado que o precise ben por ser obxecto de MAD, por presentar dificultades no ámbito da convivencia ou por ter un baixo rendemento académico e facilitará, xunto a titoría, a transmisión da información e a coordinación co equipo docente.

Os profesores de apoio manterán unha estreita coordinación co profesorado de área con especial atención no caso dos apoios que se vaian a realizar fóra da aula ordinaria.

A coordinación e seguimento do plan de orientación entre os departamentos de orientación dos centros adscritos realizarase nas reunións trimestrais do departamento ao completo e en reunións extraordinarias sempre que sexa necesario entre as xefaturas dos departamentos de orientación.

A xefa do departamento manterá tamén as relacións necesarias cos Servizos Sociais, de orientación laboral e o CIM do Concello, con especialistas do SERGAS, con asociacións e fundacións sen ánimo de lucro que poidan impartir talleres e/ou obradoiros no centro, con especialistas do EOE e cos diferentes profesionais externos ao centro que atendan ao noso alumnado.

Neste senso, O Departamento de Orientación seguirá a manter unha continua e estreita colaboración con Asociacións e Institucións co fin de favorecer a consecución dos seus obxectivos deste plan de actuación. Fundamentalmente con:

- Concello de Laracha, máis concretamente cos Servizos Sociais, Orientadores laborais e CIM.
- Universidades de A Coruña e Santiago.
- Centros Educativos, de Formación Profesional, Escolas de Ensinanzas de Réxime Especial, etc.
- Servizo Público de Emprego, especialmente os responsables da orientación laboral.
- Centro de Información Xuvenil do Concello da Coruña, para información, xornadas, etc.
- SERGAS, servizos de Pediatría e USM IX do CHUAC, seguimento e intercambio de información.
- Asociacións privadas sen ánimo de lucro de coordinación, asistencia ou solidariedade: ADAFAD, VIEIRO, INTEGRO, ASPANAES, ASPERGA, ASPRONAGA, Fundación Paideia, Asociación de Xordos, Asociación de Minusválidos, ONGs, ...
- Centro Quérote + da Coruña, etc.
- Resto de niveis da orientación , especialmente EOE, asesorías técnicas e Inspección Educativa.

Recursos materiais

O Departamento xestiona un presuposto propio, ademáis das contribucións do Fondo Social Europeo. Conta con áreas de traballo propias, dotadas de equipamento suficiente, facilitando así a privacidade e confidencialidade necesaria en moitas actuacións e a oportuna custodia da documentación sensible que se recolle nos expedientes de orientación.

Con relación ós recursos materiais do departamento, compre destacar:

- Material especializado para a realización das avaliacións psicopedagóxicas
- Material bibliográfico, tanto no propio departamento como na biblioteca do centro, aberto para consulta (temáticas como orientación, educación emocional, igualdade e diversidade, etc.)
- Programas comercializados, analóxicos e dixitais.
- Programas e materiais elaborados polo propio departamento en diferentes soportes
- Base de lexislación educativa para consulta, en soporte papel e online.

Novas tecnoloxías na orientación

Non se entende hoxe a orientación sin o recurso ás novas tecnoloxías e a dispoñibilidade de recursos virtuais que potencian e facilitan a nosa labor. É responsabilidade do Departamento de Orientación utilizar estes recursos, e potenciar no alumnado o desenvolvemento da competencia dixital, a través do uso responsable e crítico das TIC.

Adicionalmente, nestes últimos curso, derivado das necesidades impostas pola pandemia COVID-19, tense intensificada a búsqueda e utilización de recursos neste ámbito, asegurando que chegue a tódolo alumnado e as súas familias, especialmente a aqueles máis vulnerables, como alumnado con NEE ou NEAE ou en risco de sufrir a fenda dixital, así como asegurar a formación dos membros do departamento.

É de destacar a formación recibida pola comunidade escolar e o departamento de orientación en particular no uso de ferramentas dixitais para a comunicación e o ensino, e a apertura dun aula virtual para o departamento, no que se facilitará ó acceso a diferentes recursos de orientación.

Temporalización Xeral

É salientable que para a temporalización se establecen fundamentalmente referencias trimestrais, xa que debe ser flexible, e será mellor concretada, na CCP, para os distintos programas de intervención. Do mesmo xeito, a secuenciación de contidos sigue a organización das etapas e do curso académico en cuestión, tendo en conta que os procesos de intervención deben realizarse de xeito gradual, coordinado, progresivo, cun plantexamento realista dado o número de actividades que realizar, as demandas do propio curso e as necesidades máis significativas de cada etapa e momento.

Dentro dos Plans e Programas de actuación do departamento se establecen as temporalizacións específicas.

9 . AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

A avaliación do plan do departamento de orientación é imprescindible para valorar o grado no que se acadaron os obxectivos, a satisfacción dos usuarios internos e externos, e facer posible un seguimento que garante a calidade e a mellora e innovación permanentes, en liña coas directrices determinadas pola normativa vixente, o espírito do PE e o sentir e as expectativas da comunidade educativa á que serve (avaliación externa), incluíndo as dos propios membros do departamento (avaliación interna).

Aínda que se realiza de forma continua, ó longo de curso escolar e paralela ó desenvolvemento das actividades previstas, hai tres intres especialmente relevantes na avaliación:

1. **Avaliación inicial:** No mes de setembro. Avaliación de necesidades e diagnóstico da situación de partida. Baséase en diversas fontes, como as conclusións do exercicio anterior reflectidas na Memoria, e as necesidades e particularidades específicas do curso escolar que comenza (características e necesidades do alumnado, familias, centro en su conxunto, equipo docente en particular, resto da comunidade, e requerimentos normativos para o ano escolar). Participa equipo directivo, CCP, titores e resto de docentes, e membros do departamento de orientación, que coordina a recollida de información e propostas. Recóllense tamén as aportacións das familias e no seu caso, doutros membros da comunidade educativa.
2. **Revisión e axuste:** Trimestralmente, de forma simultánea ou subseguinte ás sesións de avaliación, e previa á elaboración da Memoria Final no caso da última avaliación.
 - a) Seguimento xeral da programación e das actuacións acometidas nos distintos ámbitos, realizando os axustes que sexan pertinentes.
 - b) Revisión da aplicación e resultados das medidas de atención á diversidade, axustando a resposta educativa cando sexa preciso.

Participan xefatura de estudos, titores e docentes implicados, departamento de orientación, informando ás familias e recabando a súa valoración.

3. **Avaliación final,** valorando a efectividade dacordo con criterios de logro de obxectivos globais, eficacia e eficiencia, idoneidade e adecuación dos seus elementos, pertinencia das actuacións, etc. Danos unha visión global necesaria para analizar os logros, as dificultades atopadas, os principais factores condicionantes do resultado, e enfocar as propostas de mellora. Participa ó conxunto de comunidade educativa, a través de enquisas, comunicacións, etc.

As modificacións ou axustes ó plan introducidas ó longo do curso escolar, as valoracións da consecución dos logros, e as propostas de mellora se recollen na Memoria final, que se presenta no mes de Xullo para informar á comunidade educativa sobre o desenvolvemento e os resultados de nosa actividade. As propostas recollidas son a base do Plan de Mellora do Plan de Orientación, co que cada ano aprendemos da nosa experiencia para progresar no curso seguinte.

Se ó longo do curso escolar fose necesario algunha modificación significativa en relación ó previsto nos Plans de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial ou POAP, recabarase a conformidade do Claustro e do Consello Escolar, e a autorización da Dirección do Centro, dacordo co previsto na normativa. Para decisións menores se recorre as reunións cos delegados do consello, para unha maior operatividade.

Ademais dos xa mencionados, serán intres e canles de avaliación permanente:

- As reunións do departamento de Orientación, especialmente ás reunións mensuais.
- As reunións semanais de coordinación de titorías.
- As reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- As propostas e avaliacións recollidas no buzón de suxerencias, na web do centro/departamento, e nas entrevistas coas familias/titores legais do alumnado, e con outros axentes da comunidade, como servizos e profesionais de colaboración externos.
- Os instrumentos de avaliación polos usuarios e receptores dos distintos programas e actividades acometidas, xeralmente a través de enquisas de satisfacción facilitadas ó remate dós programas e actividades.

Neste curso se procurará fomentar ó uso da enquisa telemática en substitución das enquisas en papel.

Serán referencias a considerar na avaliación:

- Efectividade e eficacia das intervencións realizadas: avaliando indicadores como grado de consecución dos obxectivos previstos, adecuación da metodoloxía, temporalización e secuenciación, e a idoneidade do material e recursos empregados.
- Grado de satisfacción dos usuarios no proceso, e participación da comunidade escolar nos distintos programas e actividades. Clima de relación establecido.
- Idoneidade, interese e pertinencia do programado. Inclusión no plan e cumprimento das melloras acordadas na avaliación anterior. Detección, análise e avaliación dos resultados no previstos.
- É relevante a información aportada por outros departamentos e ámbitos como servizos externos cos que se teña colaborado, e por sistemas de seguemento como DRDOrienta, DRDAI, e outros que poda establecer a administración educativa.
- Valoración por parte das persoas que exercen a Titoría dos apoios recibidos e das relacións co Departamento de Orientación.

Indicadores	Escala				
	1 Baixo	2	3	4	5 Alto
1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das actividades e programas.					
2. Grao de consecución dos obxectivos marcados.					
3. Relevancia dos obxectivos para a comunidade educativa.					
4. Suficiencia dos obxectivos programados.					
5. Utilidade dos recursos ofrecidos e valoración dos materiais .					
6. Adecuación das actividades e da metodoloxía empregada para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e da educación en valores.					
7. Interese da comunidade educativa con respecto ás actividades desenvolvidas.					
8. Grao de satisfacción dos participantes nas actividades e programas.					
10. Desenvolvemento correcto dos canles de coordinación.					
11. Grao de implicación e participación nas actividades e programas dos implicados.					
12. Eficacia das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
13. Aproveitamento e resultados académicos do alumnado que tivo MAD.					
14. Utilidade e suficiencia das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
15. Adecuación da planificación e organización expresada na programación.					
16. Adecuación dos mecanismos para implicar ás familias no seguimento do proceso educativo					
17. Atención de xeito individualizado ó alumnado e ás familias.					
18. Desenvolvemento de medidas necesarias para					

Indicadores	Escala				
	1 Baixo	2	3	4	5 Alto
garantir o bó uso dos datos persoais e confidenciais do alumnado e familias, e custodiar os expedientes de orientación.					

En A Laracha, a 23 de setembro de 2021

A Xefe do Departamento de Orientación
Mariana Varela Bramwell

ANEXO:

**PROGRAMACIÓN
AULAS DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA
IES AGRA DE LEBORÍS
Curso 2021 - 2022**

PROGRAMACIÓN AULA DE PT. Curso 2020 - 2021

PROFESORADO ESPECIALISTA

- M^a Pilar Cotón González: 20 horas de docencia, 2 gardas e 1 hora de atención a familias.
- José González Mancebo: Forma parte do equipo directivo como Secretario do centro, polo que as súas horas de docencia redúcense a 7.

Na distribución de materias e grupos entre ambos especialistas habitualmente un deles centrarse máis no ámbito lingüístico e outro no matemática, aínda que eso depende das posibilidades que marcan os tempos.

METODOLOXÍA

Os especialistas en pedagogía terapéutica do IES Agra de Leborís de A Laracha atenderán ao maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do centro.

Se priorizará a atención as materias instrumentais, e outras con alto contido teórico.

A principio de curso no departamento de orientación farase unha valoración dos alumnos que necesitan atención inmediata e despois esperarase á avaliación inicial para determinar cales necesitan reforzo ou a elaboración de ACS.

É imprescindible, dacordo co que marca a normativa, que para recibir reforzo, e apoio por parte do PT, exista un informe psicopedagóxico previo que identifique as necesidades e xustifique a medida.

Fomentarase a atención dentro da aula. O seguinte nivel será a atención en pequeno grupo (máximo 5 alumnos/as), o por último, a nivel individual nos casos en que se determine necesario.

En todo momento será considerada a atención a este tipo de alumnos/as como atención á diversidade que deberá ser asumida por tódolos profesores.

A nivel de aula

O profesorado especialista terá en conta en todo momento o respecto á individualidade deste alumnado e as medidas máis axeitadas para conseguir unha mellor adecuación do proceso ensinanza-aprendizaxe ás súas características.

Por este motivo, na aula a ensinanza será:

- Individualizada, flexible e adaptada ao alumno.
- Tarefas ben definidas, variadas e de curta duración.
- Alternancia de actividades manipulativas e de esforzo mental.
- Empregaranse tódolos recursos variados e motivadores dispoñibles.
- Actividades concebidas desde o Deseño Universal de Aprendizaxe, para facilitar a participación e expresión de alumnado diverso.
- Importancia coordinación permanente co titor e profesorado da materia.

A nivel de centro

- Dacordo có establecido no plan de atención á diversidade, o conxunto da comunidade escolar, nos seus respectivos niveis de participación e competencias, colaborarán na detección de necesidades e no desenvolvemento da resposta educativa que se determine como máis axeitada ás necesidades de cada alumno ou alumna.
- Unificaranse criterios respecto á atención dos alumnos con necesidades educativas especiais, e a asignación de recursos, espazos e tempos farase dacordo co establecido na normativa e no Plan de Atención a Diversidade. O carácter limitado dos recursos, tanto persoais como temporais e organizativos impón limitacións e esixe establecer prioridades na intervención.
- Concienciarase ao alumnado de que todos e cada un deles son diferentes e presentan diversas características, necesidades e potencialidades.
- Fomentarase a participación activa destes alumnos en actividades programadas, tanto complementarias como extraescolares ofrecendo dende o departamento, se é o caso, a participación dalgún dos membros na actividade.

HORARIO

O horario establecerase segundo as necesidades detectadas no alumnado, tendo en conta os horarios dos grupos e os criterios de prioridade de atención por parte do especialista en PT.

Para a realización dos horarios do profesorado de PT co alumnado que van a atender fóra da aula ordinaria, procurase agrupar ao alumnado tendo en conta o seu nivel de coñecementos e o grupo-clase ao que pertencen. Así mesmo, atenderase principalmente a este alumnado nas áreas instrumentais e un dos criterios de prioridade atende á intervención precoz e preventiva das necesidades, dando prioridade así aos cursos máis baixos.

ALUMNADO

O alumnado que precise acudir a aula de Pedagogía Terapéutica terá informe psicopedagóxico atenderase sempre as orientacións expresadas no informe así como á opinión dos especialistas en Pedagogía Terapéutica, atendendo sempre a opinión das titorías e o profesorado de materia e farase o horario no que acudirá a aula de apoio o no que se realizará o apoio na aula.

OBXECTIVOS XERAIS DE AULA

1. Incentivar a autoestima do alumno e o desenvolvemento dun autoconcepto académico e expectativas de éxito positivas.
2. Estimular o gusto polo traballo ben feito. Favorecer o uso de estratexias de organización do traballo escolar.
3. Potenciar hábitos de traballo e de estudo.
4. Adestrar no manexo de técnicas básicas de estudo.
5. Estimular o desenvolvemento das competencias clave.
6. Promover o respecto á diversidade das persoas.
7. Favorecer a integración, a participación e boa relación na aula ordinaria.
8. Traballar cara o desenvolvemento das capacidades básicas para a aprendizaxe: atención, memoria e razoamento.
9. Proporcionar asesoramento aos docentes.
10. Facilitar o coñecemento na comunidade educativa das características e dificultades propias de cada unha das NEAE.

Obxectivos específicos da Área Lóxico-Matemática:

- Coñecer os números naturais, fraccionarios e decimais (dependendo do seu nivel) e asociar número e cantidade.
- Desenvolver satisfactoriamente a capacidade lóxico-matemática.
- Descubrir e crear relacións de asociación matemática.
- Comprender e memoriza-los mecanismos das operacións fundamentais.
- Aplica-los coñecementos a situacións reais do entorno no que se desenvolven.
- Resolver e inventar problemas da vida cotiá.
- Clasificar formas e corpos xeométricos.
- Coñecer e saber utilizar os conceptos espacio-temporais.
- Coñece-las medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo. Realizar cambios de unidades.
- Interpretar e realizar táboas e gráficos sinxelos.

Obxectivos específicos da Área Lingüística:

- Ler correctamente textos cada vez máis complexos.
- Estimular o gusto pola lectura.
- Crear situacións de comunicación directa.
- Potenciar a comprensión e expresión oral e escrita.
- Localizar as ideas principais dun texto.
- Diferenciar e reproducir as partes dun relato.
- Elaborar resúmenes e esquemas.
- Compoñer distintos textos tanto a nivel escrito como oral.

- Utilizar correctamente as principais normas ortográficas.
- Diferenciar as principais clases de palabras.